

# **CONTRA O PARO E O SAQUEO DAS PENSÍONS** **27 de xaneiro** **Folga xeral!**

**A** *Confederación Xeral do Traballo (CGT) convoca Folga Xeral o 27 de xaneiro de 2011* para defender as liberdades e dereitos laborais, económicos e sociais da clase traballadora fronte ás agresións que estamos sufrindo.

O goberno e os seus aliados están actuando como axentes locais do capitalismo internacional e nacional máis destrutivos. Cos seus actos –Decreto da Reforma Laboral, recorte nos gastos sociais e inversións públicas, ameaza ó sistema de pensións públicas, desmerecemento da negociación colectiva, etc- amosan que só lles move o afán de perpetuar o inxusto réxime económico e político no que os ricos fanse cada día máis ricos pero a costa de estender o paro, a pobreza e a desolación por todas partes.

## **A CGT CONVOCA FOLGA XERAL:**

### **Polo dereito ó traballo: contra o paro, a precariedade e a exclusión social**

Cinco millóns de persoas están en paro e un millón duascenas mil delas non perciben ningunha prestación. Once millóns de traballadores teñen rendas anuais inferiores aos 9000 euros. A bolsa da pobreza medra en todo o país, afectando xa a máis do 20% da poboación.

### **Polos dereitos económicos, laborais e sociais: contra a Reforma Laboral**

A nova Reforma Laboral, xa aprobada oficialmente no pasado semestre, supón que os empresarios poidan despedir libre e impunemente ós traballadores, sen causa ou con causa falsa e que o despido sexa hoxe máis libre e máis barato. As indemnizacións ó traballador ou traballadora despedida quedan reducidas a 20 días por ano, dos que 8 días son pagados con cartos públicos.

Fai catro meses, o 29 de setembro, o conxunto das organizacións sindicais deste país (tamén as que agora están a renunciar á loita polos dereitos da clase traballadora e celebran un *paripé* de negociación, tan inútil como desmobilizador) convocáramos unha Folga Xeral contra esta Reforma Laboral. Pese ó éxito de participación na folga do 29 S aínda non se logrou paralizar a Reforma, polo que a loita debe continuar, con máis razón e forza se cabe.

### **Contra a redución e próxima reforma das pensións e xubilación**

Coas medidas do plan de axuste para reducir o déficit, para 2011 o goberno conxelou a pensión de máis de 6 millóns de pensionistas. O 68% dos máis de 8 millóns de pensionistas teñen unha pensión anual que non chega ao Salario Mínimo. Tampouco está garantido o dereito á unha prestación por xubilación, minimamente xusta e absolutamente necesaria.

Nesta circunstancia, o goberno presentará o 28 de xaneiro no Parlamento as súas propostas en relación ó sistema público de pensións, o que representa un ataque brutal ós dereitos da clase traballadora, á que se pretende esquilmar no económico, agredir no laboral e liquidar no social.

Ameazan con fixar a idade de xubilación ós 67 anos e reducir aínda máis a prestación aumentando o período de cómputo. Deste xeito tentan rebaixar dramaticamente, ata un 30%, as pensións que corresponderían ós pensionistas das xeneracións actual e vindeiras, así como excluír a centos de miles de traballadores e traballadoras da posibilidade de acadar na xubilación unha pensión contributiva, por mínima que fose.

Mentres seguen aumentando os beneficios dos empresarios e os privilexios da clase política, o goberno pretende facer recaer sobre a poboación a responsabilidade dunha crise que eles mesmos provocaron e provocan. O que en realidade hai detrás destas medidas é o propósito de reducir o importe das pensións a curto prazo, fomentar os plans privados a medio e provocar a desaparición do sistema público a longo prazo; sistema público que quedará como sistema residual de asistencia social.

Esta é a núa realidade que estamos a vivir, na que o capital, o goberno, o parlamento, ¡os tres da man!, aliáronse contra os traballadores e contra o conxunto da sociedade. Esa alianza maniféstase agora mesmo con dúas expresións: REFORMA LABORAL e REFORMA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS E XUBILACIÓN.

Tan inxusta situación non cambiará -antes ben vaise agravar- se os traballadores non alzamos a voz para denunciála e nos mobilizamos.

## **MOBILIZÁRMONOS PARA, NO INMEDIATO:**

**Esixir traballo para todos**

**Impoñer ó goberno e á clase política a derogación da Reforma Laboral**

**Deter a ameaza sobre o sistema público de pensións**

Con ese obxectivo a CGT de Galicia convoca Folga Xeral o 27 de xaneiro. O mesmo día, a CGT, con outros sindicatos, convocou Folga Xeral tamén en Cataluña, Biscaia, Guipúscoa e Navarra e ten convocadas manifestacións e protestas en moitos puntos do territorio español. A loita continuará ata que logremos entre todos darlle un xiro radical á situación, pois sabemos que hoxe, como sempre foi e será, a única garantía para evitar o desmantelamento dos dereitos sociais, laborais e económicos está na mobilización xeral, ampla e firmemente levada a cabo pola clase traballadora.

**POR TODO ISTO, A CGT DE GALICIA CONVOCA  
O DÍA 27 DE XANEIRO, FOLGA XERAL!**

## **CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO - CGT**



**A Coruña:** Simón Bolívar, 89-baixo (Os Rosales). 15011 A Coruña  
Tel/Fax: 981 128 477 [coruna@cgtgalicia.org](mailto:coruna@cgtgalicia.org)

**Ourense:** Ervedelo, 34. Galerías, Local 81. 32002 Ourense  
Tel/Fax: 988 254 467 [ourense@cgtgalicia.org](mailto:ourense@cgtgalicia.org)

**Pontevedra:** Pasantería, 1-3ª. 36002 Pontevedra  
Tel/Fax: 986 896 364 [pontevedra@cgtgalicia.org](mailto:pontevedra@cgtgalicia.org)

**Vigo:** Urzáiz, 73 -entrecán dta. 36204 Vigo  
Tel/Fax: 986 431 476 [vigo@cgtgalicia.org](mailto:vigo@cgtgalicia.org)

**Arousa:** Baldosa, 14-1º. 36600 Vilagarcía de Arousa  
Tel/Fax: 986 509 471 [vilagarcia@cgtgalicia.org](mailto:vilagarcia@cgtgalicia.org)

[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)